

A HORA DO LOBO

Ingmar Bergman, 1968

1680

ESTREA EN NUMAX: 17.02.2026 | V.O.S.E. | 88 min

Nunha illa viven os Borg: Johan, que é pintor, e a súa muller Alma. Os seus veciños, os sinistros Von Merken, posúen un círculo de amizades tan arrepiante que Johan comeza a obsesionar coa idea de que os demos o axexan..



A cadaquén o seu propio inferno

Por Jesús Domínguez López

A historia do cinema consigna que, a partir dos sesenta, a representación do horror na cinematografía moderna muda. Xa non son extraterrestres ou monstruosas criaturas quen nos ameazan, agora é o propio ser humano, o temor vén desde dentro, condición que provoca que o horror vire antropocéntrico, isto é, situacións que colocan o ser humano á beira da tolemia e o desexo obsesivo. Con *A hora do lobo*, Ingmar Bergman complementa de maneira maxistral este universo de horror psicolóxico, a partir dun proceso creativo, unha estética propia e unha forma completamente diferente de presentar o medo.

Como proxecto, *A hora do lobo* naceu dun guión inicialmente titulado “Os devoradores de homes”, que debía filmarse antes que *Persona*. As razóns da postergación son agora pouco importantes, porque a filmación desta película tivo unha gran influencia no filme que nos ocupa. As formulacións dun vampirismo metafórico, símbolo inequívoco dunha situación de crise, e a perda da identidade, tratados en *Persona*, teñen un importante reflexo nesta película.

Fundamental na historia da cinematografía, *A hora do lobo* senta algunhas bases do cinema que profundará posteriormente no tratamento das psiques perturbadas, é o cinema que se anticipa traballos de David Lynch (*Estrada perdida*), David Cronenberg (*Spider*) e Lars von Trier (*Anticristo*). Trátase dunha obra persoal con imaxes dun universo mental composto de labirínticos corredores, sombras ameazadoras, atmosferas densas e unha innegable sensación de tolemia. Sutilmente, Bergman crea unha alucinación onde o delirio impera, na mellor tradición de *Nosferatu* (F.W. Murnau) e *O gabinete do doutor Caligari* (Robert Wiene).

A pesar do manto aparente de terror que cobre a película, trátase máis ben dunha exploración aos recunchos máis escuros da condición humana, nas que se manifestan as constantes do seu autor; unha película sobre o horror, probablemente a máis sombría e perturbadora de toda a filmografía bergmaní. Unha obra na que o cineasta sueco reflexiona sobre as relacións destrutoras que teñen lugar entre o artista e o seu público.

No fondo, a narrativa é unha historia de amor. Johan, un pintor, e Alma, a súa muller, chegan a unha illa deserta, un ámbito de tranquilidade que sirva como válvula de escape aos seus problemas. Con todo, á noite, as fisuras da súa relación fanse patentes, el vive atormentado polo seu pasado, cuxos segredos ela descobre clandestinamente ao ler o seu diario e revisar o seu caderno de bosquejos. Alma intúe a obsesión do seu marido pola súa ex esposa, revelándolle que leu o seu diario, e el confésalle que matou a un adolescente durante unha sesión de pesca nun cantil.

Un dos grandes acertos é a fotografía en branco e negro, debida á cámara de Sven Nykvist, quen co seu lente busca provocar fortes contrastes entre luces e sombras, facendo patente a influencia expresionista en Bergman, tanto desde o punto de vista estético como conceptual, neste sentido impera a tese fundamental da corrente expresionista, a interpretación subxectiva do mundo, onde o imaxinario e o onírico se impoñen sobre a realidade. O uso de brancos saturados nos exteriores e negros que van das penumbras ás sombras dá o toque enfermizo e fascinante, facendo a historia hipnótica, provocando que siga o desenvolvemento da trama como se dunha realidade se tratase, mergullándose nela, identificándose, permitindo que as súas emocións e razoamentos dean resposta ás abstractas interrogantes expostas.